

## **Resolución do Parlamento Europeo, de 11 de setembro de 2013, sobre as linguas europeas ameazadas de desaparición e a diversidade lingüística na Unión Europea (2013/2007(INI))**

O Parlamento Europeo,

- Vistos os artigos 2 e 3, apartado 3, do Tratado da Unión Europea,
- Vistos o artigo 21, apartado 1, e o artigo 22 da Carta dos Dereitos Fundamentais,
- Visto o estudo Euromosaic da Comisión Europea, que dá conta da desaparición de linguas europeas porque os dispositivos vixentes na actualidade non permiten a súa salvagarda,
- Vista a Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial da Unesco, de 17 de outubro de 2003, que comprende as tradicións e expresións orais, incluída a lingua como vehículo do patrimonio cultural inmaterial,
- Vista a Convención da Unesco de 2005 sobre a Protección e Promoción da Diversidade das Expresións Culturais,
- Visto o Atlas das linguas do mundo en perigo, da Unesco,
- Vista a Resolución do Congreso de Poderes Locais e Rexionais de Europa do Consello de Europa, de 18 de marzo de 2010 titulada «Les langues minoritaires: un atout pour le développement régional» (As linguas minoritarias: unha baza para o desenvolvemento rexional) (301/2010) ,
- Vistos o Informe 12423/2010, a Resolución 1769/2010 e a Recomendación 1944/2010 do Consello de Europa,
- Vista a Comunicación da Comisión, de 18 de setembro de 2008, titulada «Multilingüismo: unha vantaxe para Europa e un compromiso compartido» (COM(2008)0566),
- Vista a Recomendación do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de decembro de 2006, sobre as competencias chave para a aprendizaxe permanente,
- Visto o Ditame do Comité das Rexións sobre a protección e o desenvolvemento das minorías lingüísticas históricas con arranxo ao Tratado de Lisboa ,
- Vista a Resolución do Consello, de 21 de novembro de 2008, relativa a unha estratexia europea en favor do multilingüismo ,
- Vista a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias do Consello de Europa, de 5 de novembro de 1992,
- Vista a Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos (1996),
- Visto o Convenio Marco para a Protección das Minorías Nacionais (1995),
- Vistas a súa Resolución, de 14 de xaneiro de 2004, sobre a preservación e o fomento da diversidade cultural: o cometido das rexións europeas e organizacións internacionais como a Unesco e o Consello de Europa , e a súa Resolución, de 4 de setembro de 2003, sobre as linguas europeas rexionais e menos difundidas - as linguas das minorías na Unión Europea no contexto da ampliación e a diversidade cultural ,
- Vista a súa Resolución, de 14 de xaneiro de 2003, sobre o papel dos poderes rexionais e locais na construción europea(7) , que fai referencia á diversidade lingüística en Europa,
- Vista a súa Resolución, de 24 de marzo de 2009, sobre o multilingüismo: unha vantaxe para Europa e un compromiso común,
- Vista a Resolución do Parlamento Europeo, de 25 de setembro de 2008, sobre os medios do terceiro sector da comunicación(9) ,
- Visto o artigo 48 do seu Regulamento,
- Visto o informe da Comisión de Cultura e Educación (A7-0239/2013),

- A. Considerando que o Tratado de Lisboa dá máis forza ao obxectivo de salvagardar e promover o patrimonio cultural e lingüístico da Unión Europea en todos os seus aspectos;
- B. Considerando que a diversidade lingüística e cultural é un dos principios fundamentais da Unión Europea, consagrado no artigo 22 da Carta dos Dereitos Fundamentais: «A Unión respecta a diversidade cultural, relixiosa e lingüística»;
- C. Considerando que a diversidade lingüística está recoñecida como dereito dos cidadáns nos artigos 21 e 22 da Carta dos Dereitos Fundamentais, o que significa que tratar de establecer a exclusividade dun idioma supón restrinxir e conculcar os valores fundamentais da Unión;
- D. Considerando que as linguas ameazadas de desaparición deben considerarse parte do patrimonio cultural europeo e non un vehículo para aspiracións políticas, étnicas ou territoriais;
- E. Considerando que todas as linguas de Europa son iguais en valor e dignidade, que forman parte integrante das súas culturas e civilizacións e que contribúen ao enriquecemento da humanidade;
- F. Considerando que as sociedades multilingües ben cohesionadas que xestionan a súa diversidade lingüística de xeito democrático e sostible contribúen á pluralidade, son máis abertas e están en mellores condicións para contribuír á riqueza que supón a diversidade lingüística;
- G. Considerando que todas as linguas, tamén as ameazadas de desaparición, reflicten uns saberes históricos, sociais e culturais e unha mentalidade e unha forma de creatividade e de crear que contribúen á riqueza e a diversidade da Unión Europea e aos fundamentos da identidade europea; que, por iso, a diversidade lingüística e a presenza de linguas ameazadas nun país deben considerarse un activo en lugar dunha carga, e convén apoialas e fomentalas como tales;
- H. Considerando que a Unesco, no seu *Atlas das linguas do mundo en perigo*, indica que unha lingua está ameazada de desaparición se non cumpre ou cumpre apenas un ou varios dos criterios científicos seguintes: transmisión entre xeracións; número absoluto de falantes; proporción de falantes no conxunto da poboación; uso da lingua nos diferentes eidos públicos e privados; resposta ante os novos medios de comunicación; dispoñibilidade de materiais para a aprendizaxe e o ensino da lingua; actitudes e políticas dos gobernos e as institucións cara ás linguas, en particular o seu rango oficial e o seu uso; actitudes dos membros da comunidade cara á súa propia lingua; tipo e calidade da documentación;
- I. Considerando que, segundo a Convención da Unesco de 2005 sobre a Protección e Promoción da Diversidade das Expresións Culturais, os Estados membros poden adoptar medidas axeitadas para protexer as actividades, bens e servizos culturais, en particular medidas relativas á lingua utilizada en devanditas actividades, bens e servizos, a fin de promoveren a diversidade das expresións culturais no seu territorio, pero tamén no marco dos acordos internacionais;
- J. Considerando que a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias do Consello de Europa, ratificada por dezaseis Estados membros da Unión, serve de referencia para a protección das linguas en perigo de desaparición e como mecanismo de protección das minorías, que son dous puntos especificados nos criterios de Copenhague que deben cumprir os Estados para a súa adhesión á UE;
- K. Considerando que, segundo a Unesco, en todos os países europeos, nos territorios europeos de ultramar e no seo das comunidades itinerantes da Unión hai linguas que só se transmiten oralmente entre xeracións, polo que deben considerarse ameazadas de desaparición; que algúns idiomas europeos ameazados de desaparición falados por comunidades transfronterizas son obxecto de niveis de protección diferentes segundo o Estado membro ou a rexión na que viven os seus falantes;
- L. Considerando, por iso, que nalgúns países e rexións hai linguas minoritarias ou rexionais que están ameazadas de desaparición ou están desaparecendo, pero que estas mesmas linguas teñen carácter oficial e maioritario en países veciños;

M. Considerando que, do mesmo xeito que a diversidade biolóxica natural, a diversidade de linguas e culturas europeas forma parte do patrimonio vivente necesario para o desenvolvemento sostible das nosas sociedades e que, por iso, deben salvagardarse e protexerse fronte a todo risco de desaparición;

N. Considerando que o respecto da diversidade lingüística contribúe positivamente á cohesión social reforzando a comprensión mutua, a autoestima e a apertura de miras, e que a diversidade lingüística favorece o acceso á cultura e contribúe á creatividade e á adquisición de competencias interculturais, ademais de fomentar a cooperación entre pobos e países;

O. Considerando que o artigo 167 do Tratado de Lisboa establece claramente que «a Unión contribuirá ao florecemento das culturas dos Estados membros dentro do respecto da súa diversidade nacional e rexional», e xa que logo, anima a que se actúe non só co fin de preservar e salvagardar a riqueza do patrimonio lingüístico da Unión como parte desta diversidade, senón tamén co fin de dar un paso adiante na consolidación e a promoción deste patrimonio xunto ás políticas dos Estados membros;

P. Considerando que o concepto de diversidade lingüística da Unión Europea abrangue non soamente linguas oficiais, senón tamén linguas cooficiais, linguas rexionais e linguas que non gozan de recoñecemento oficial nos Estados membros;

Q. Considerando que a categoría de lingua ameazada de desaparición abrangue tamén linguas ameazadas soamente nun territorio determinado no que o número de falantes da comunidade está en marcado declive e os casos en que as estatísticas elaboradas sobre censos consecutivos mostran un descenso acusado do número de falantes dunha lingua; R. Considerando que as linguas oficiais dos Estados membros tamén poden ser linguas en perigo nalgúns zonas da Unión;

S. Considerando que, ante a urxencia da situación na que se atopan, debería dedicarse unha atención especial aos idiomas que están en perigo de extinción recoñecendo o multiculturalismo e o multilingüismo, aplicando medidas políticas para combater os prexuízos existentes contra as linguas en perigo e adoptando unha abordaxe contraria á asimilación a nivel nacional e a nivel europeo;

T. Considerando que o ensino na lingua materna é o medio máis eficaz para aprender;

U. Considerando que se se lles ensina aos nenos e nenas na súa lingua materna desde a máis tenra idade e aprenden paralelamente unha lingua oficial, terán unha aptitude natural para a aprendizaxe posterior de máis linguas, e considerando que o pluralismo lingüístico é unha vantaxe para as mozas e mozos europeos

V. Considerando que a ameaza que pesa sobre as linguas en perigo en Europa pode reducirse garantindo o principio de que, nos asuntos públicos e na administración de xustiza, a lingua en cuestión se trate de xeito proporcional, sobre a base da igualdade e en interese da diversidade;

W. Considerando que a salvagarda e a transmisión dunha lingua pasan, moi a miúdo, polas canles da educación informal e non formal e que é importante recoñecer o lugar que ocupan, neste contexto, as organizacións de voluntarios, os medios artísticos e os artistas;

X. Considerando que a cuestión das linguas en perigo de desaparición non recibe a atención específica requirida no marco da política de multilingüismo da Comisión Europea; considerando que, no período dos dous últimos marcos financeiros plurianuais (2000-2007 e 2007-2013), o financiamento europeo destinado a estas linguas sufriu recortes substanciais, o que contribuíu a acrecentar as súas dificultades, e que convén velar por que non suceda o mesmo no próximo marco financeiro plurianual (2014-2020);

## O Parlamento Europeo

1. Pídelle á Unión Europea e aos Estados membros que presten maior atención á gravísima ameaza que pesa sobre numerosas linguas de Europa clasificadas como linguas ameazadas de desaparición; que se comprometan con empeño coa protección e o fomento da diversidade única do patrimonio lingüístico e cultural da Unión, aplicando políticas proactivas ambiciosas de revitalización das linguas afectadas e destinando a este obxectivo un orzamento razoable; recomenda que estas políticas aspiren tamén a desenvolver unha maior concienciación entre os cidadáns da UE sobre a riqueza lingüística e cultural que estas comunidades representan; e insta aos Estados membros a que presenten plans de acción para a promoción das linguas ameazadas de desaparición baseados no intercambio de boas prácticas xa dispoñibles nalgúns comunidades lingüísticas de Europa;
2. Pídelle aos Gobernos dos Estados membros que condenen as prácticas que, por medio da discriminación lingüística ou a asimilación forzada ou encuberta, estean dirixidas contra a identidade e o uso da lingua de comunidades lingüísticas ameazadas de desaparición ou as súas institucións culturais;
3. Pídelle aos Estados membros que aínda non o fixeron que ratifiquen e apliquen a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias; sinala que a Carta serve de referencia para a protección das linguas ameazadas de desaparición e é un dos mecanismos de protección das minorías especificados nos criterios de Copenhague, que os Estados deben cumprir para poder adherirse á UE;
4. Pídelle aos Estados membros e á Comisión que respecten os compromisos adquiridos coa súa adhesión á Convención da Unesco de 2005 sobre a Protección e Promoción da Diversidade das expresións Culturais, tanto no seu territorio coma nos acordos internacionais;
5. Pídelle ás autoridades da Unión que incorporen o respecto efectivo á diversidade lingüística e especialmente a protección das linguas non hexemónicas europeas á serie de condicións que deben cumprir todos os Estados que queiran ingresar na UE como Estados membros;
6. Pídelle á Comisión e aos Gobernos e autoridades rexionais dos Estados membros que establezan programas para promoveren a tolerancia cara ás comunidades lingüísticas ou étnicas ameazadas de desaparición, o respecto polos seus valores lingüísticos e culturais e o respecto por estas comunidades na sociedade;

7. Chama a atención dos Gobernos e as autoridades rexionais dos Estados membros sobre o feito de que a supervivencia dunha lingua ameazada de desaparición equivale á supervivencia e o desenvolvemento da comunidade que a utiliza e que, xa que logo, para formularen políticas destinadas a protexela, deberían ter en conta non só os aspectos culturais e educativos, senón tamén as dimensións económicas e sociais;

8. Pídelle á Comisión Europea que propoña medidas políticas concretas para a protección das linguas ameazadas de desaparición; pídelle así mesmo á Comisión Europea e ao Consello que, no marco das competencias que lles confire o Tratado, adapten as políticas e planifiquen os programas da Unión Europea para apoiar a preservación das linguas en perigo e a diversidade lingüística recorrendo a instrumentos de apoio financeiro da UE para o período 2014-2020, en particular: programas de documentación destas linguas, así como de educación e formación, inserción social mocidade e deporte, investigación e desenvolvemento, o programa de cultura e medios de comunicación, os Fondos Estruturais (Fondo de Cohesión, FEDER, FSE, cooperación territorial europea e FEADER) e todos os instrumentos e plataformas de intercambio concibidos para promover as novas tecnoloxías, os medios de comunicación social e as plataformas multimedias, incluíndo o apoio á xeración de contidos e de aplicacións; opina que estes instrumentos deben centrarse en programas e accións que demostren unha axenda positiva máis ampla, no plano cultural ou no económico, máis alá das respectivas comunidades e rexións; pídelle á Comisión Europea que lance unha reflexión sobre os obstáculos administrativos e legislativos onde varan os proxectos relacionados con linguas ameazadas de desaparición debido ao reducido tamaño das comunidades lingüísticas afectadas;

9. Pídelle, tendo en conta de que non caben atrasos, que o financiamento destinado a accións de protección sexa de fácil acceso e o máis clara posible, a fin de garantir que os actores que desexen utilizala estean en condicións nun prazo determinado de axudar efectivamente ás linguas en perigo;

10. Considera que a Unión Europea debe apoiar aos Estados membros e animalos a que apliquen unha política lingüística que permita a adquisición desde a máis tenra infancia como lingua materna da lingua ameazada de desaparición; sinala que, como se demostrou cientificamente, unha política de promoción de dúas ou máis linguas beneficiaría aos nenos e axudaríalles a aprender outras linguas máis adiante, ademais de fomentar a transmisión entre xeracións das linguas, e prestaríalles aos falantes de linguas ameazadas de desaparición un apoio

concreto para revitalizar a transmisión entre xeracións intergeneracional nas zonas en que diminúa;

11. Apoia o reforzo do ensino de linguas ameazadas con metodoloxías adecuadas para alumnado de todas as idades, incluído a aprendizaxe a distancia, para o desenvolvemento dunha verdadeira cidadanía europea baseada na multiculturalidade e o pluralismo lingüístico;

12. Toma nota dos programas de multilingüismo da Comisión; opina que os promotores de proxectos deben poder beneficiarse das oportunidades que presentan e, tendo en conta de que as comunidades lingüísticas ameazadas que loitan pola supervivencia dunha lingua ameazada de desaparición son a miúdo pequenos grupos de poboación, insta á Comisión a que non considere os programas en que están interesadas estas comunidades non subvencionables en razón do seu escaso nivel de compromiso financeiro, o seu limitado número de beneficiarios ou as reducidas dimensións da zona afectada, e facilite en cambio o acceso a estes programas e lles dea publicidade, proporcionando orientación sobre a elixibilidade para obter financiamento; insta aos Estados membros a que actúen como intermediarios e promotores destes pequenos grupos e comunidades con linguas ameazadas de desaparición para que se beneficien dos fondos europeos, recordando ao mesmo tempo que o financiamento da UE para a diversidade lingüística non debe reorientarse desde o seu destino previsto nin utilizarse para apoiar accións que se sirvan das linguas ameazadas como vehículos para perseguir axendas políticas máis amplas;

13. Considera que unha política de revitalización lingüística é unha esforzo de longo alento que debe apoiarse na planificación coordinada e variada de actividades en diversos ámbitos, en particular a educación (coa educación preescolar e primaria como principal activo, xunto coa formación dos pais na propia lingua), na administración, en programas para os medios de comunicación (coa posibilidade de crear e desenvolver emisoras de radio e televisión), nas artes e en todas as formas da vida pública, o que implica a necesidade de recursos dispoñibles a longo prazo; considera que merecen apoio a elaboración destes programas, os intercambios de boas prácticas entre comunidades lingüísticas e o establecemento de procedementos de avaliación;

14. Recorda a importancia de manter os esforzos de normalización de linguas de carácter preponderantemente oral;

15. Pide aos Estados membros que presten máis atención e apoio aos estudos superiores e á investigación centrados en linguas ameazadas de desaparición;

16. Considera que as novas tecnoloxías poden servir de instrumento para favorecer o coñecemento, a difusión, o ensino e a preservación das linguas europeas ameazadas de desaparición;

17. Fai fincapé na importancia da transmisión entre xeracións das linguas ameazadas no seo das familias e na promoción do ensino de linguas ameazadas de desaparición no interior un sistema educativo específico, se fose necesario; anima, por esta razón, aos Estados membros e ás autoridades rexionais a que desenvolvan políticas educativas e material docente;

18. Considera que, a fin de revitalizar as linguas, é igualmente importante que as linguas que se converteron en secundarias e cuxo uso limitar en gran medida aos círculos familiares poidan utilizarse públicamente na sociedade;

19. Pídelle á Comisión que traballe conxuntamente con organizacións internacionais que establezan programas e iniciativas para a protección e a promoción das linguas ameazadas de desaparición, como a Unesco e o Consello de Europa;

20. Recomenda que os Estados membros observen a evolución das linguas máis vulnerables por medio das autoridades estatais e das autoridades dos territorios con linguas propias sexan ou non oficiais;

21. Opina que os medios de comunicación, especialmente os novos, poden desempeñar un papel de importancia na protección de linguas ameazadas de desaparición, en especial de cara ás xeracións futuras; insiste, ademais, en que tamén poderían utilizarse as novas tecnoloxías para alcanzar estes obxectivos;

22. Insta en particular ás autoridades locais, considerando que a morte do último falante dunha lingua supón polo xeral a extinción de devandita lingua, a que tomen medidas de revitalización que permitan dar un xiro á situación;

23. Sinala que un xeito de evitar a extinción das linguas pode ser a dixitalización; insta, polo tanto, ás autoridades locais a que recompilen libros e gravacións nestas linguas, así como calquera outra forma de patrimonio lingüístico, e os poñan en liña á disposición dos interesados;

24. Propón que a comunidade internacional e os Estados membros capaciten ás comunidades con linguas ameazadas de desaparición para que recoñezan que o uso e a preservación da súa propia lingua representan un valor tanto para a propia comunidade como para Europa;

25. Pídelle á Comisión que apoie de xeito continuo, a través dos seus diferentes programas, as redes transnacionais e as iniciativas e accións de dimensión europea destinadas a promover linguas ameazadas de

desaparición e subliña a necesidade de contribuír activamente para completar o Atlas das linguas do mundo en perigo emprendido pola Unesco garantindo a súa perennidade e de desenvolver un xogo de indicadores homoxéneo que permita efectuar un seguimento do estado de cada lingua e dos resultados das políticas aplicadas para evitar a súa desaparición;

26. Pídelle á Comisión que continúe a investigación iniciada co estudo Euromosaic e que determine exemplos de proactividade a nivel nacional que reduzan significativamente a ameaza de extinción dalgunha lingua europea; recomenda que, para apoiar o intercambio de coñecementos, experiencias e mellores prácticas entre as diferentes comunidades lingüísticas, as redes lingüísticas europeas analicen as políticas postas en práctica nos Estados membros para preservar, protexer e promover linguas ameazadas de desaparición, e que a Comisión emita as recomendacións pertinentes;

27. Pídelle á Comisión que apoie a investigación sobre a adquisición e a revitalización de linguas ameazadas de desaparición e sobre os beneficios cognitivos e sociais que achegan os cidadáns europeos bilingües e multilingües;

28. Pídelle aos Estados membros que aínda non o fixeron que asinen e ratifiquen a Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias de 1992 e o Convenio Marco para a Protección das Minorías Nacionais de 1995;

29. Pídelle á Comisión que estude posibles medidas para a protección de linguas ameazadas de desaparición na Unión;

30. Pídelle á Comisión que apoie os proxectos piloto que contribúan á promoción do uso de linguas ameazadas de desaparición e os plans de actuación elaborados polas propias comunidades lingüísticas;

31. Considera que a Unión debe apoiar a diversidade lingüística nas relacións con países terceiros, en particular cos que desexen adherirse á UE;

32. Pídelle á Comisión que reflexione sobre a adopción de medidas europeas específicas para salvagardar, protexer e promover linguas ameazadas de desaparición;

33. Considera que os programas relacionados coa promoción do multilingüismo son esenciais para as estratexias políticas dos países veciños ou candidatos e candidatos potenciais da UE;

34. Considera que o apoio da Comisión á revitalización lingüística debe prestar especial atención a iniciativas no ámbito dos medios dixitais, incluídas as redes sociais, nun esforzo por garantir que as xeracións máis novas se comprometan coas linguas europeas ameazadas de desaparición;



35. Cre que a Comisión debe prestar atención ao feito de que algúns Estados membros e algunhas rexións están poñendo en perigo coas súas políticas a supervivencia de linguas no interior das súas fronteiras, aínda que estas linguas non estean en perigo no contexto europeo;

36. Chama a atención sobre a existencia de útiles sitios web con información sobre os programas da Unión Europea que ofrecen financiamento para proxectos de promoción de linguas ameazadas de desaparición, e pídelles á Comisión que lance de novo unha convocatoria de proxectos para actualizar estes sitios web cos programas para o periodo 2014-2020 e que facilite máis información a este respecto, en particular á atención das comunidades lingüísticas afectadas;

37. Encárgalle ao seu Presidente que transmita a presente Resolución ao Consello e á Comisión, así como aos Gobernos e aos Parlamentos dos Estados membros.